



Puntos de Información Catastral: PIC

A necesidade de dar resposta á crecente demanda de información catastral de quen non dispón dos medios informáticos e telemáticos apropiados, xustifica o establecemento dos Puntos de Información Catastral, que ofrecen ao cidadán todas as vantaxes da Oficina Virtual do Catastro sen máis condicionamento que a mera solicitude da prestación do servizo.

Os servizos aos que se pode acceder desde calquera Punto de Información Catastral son os seguintes:

- a) Servizo de consulta libre e certificación electrónica de datos catastrais non protexidos e de cartografía dixital.
- b) Servizo de consulta e certificación electrónica para os titulares catastrais dos datos protexidos, relativo aos bens inmoables da súa titularidade.
- c) Servizo de certificación negativa de bens inmoables ou da circunstancia de non figurar como titular catastral, relativa ao propio solicitante.
- d) Calquera outros servizos de consulta e certificación que se implanten no futuro, nos termos da Resolución que se dite ao efecto

Documentación requirida

- Solicitude debidamente asinada e que facilitárase no Concello.
- No caso de que o solicitante actúe a través de representante, ademais:
 - **Modelo de autorización do titular catastral** *O presente documento debe acompañarse da fotocopia do D.N.I. do autorizante e a súa validez límitase a devandita solicitude.*
O autorizado debe acreditar a súa identidade.
- **Punto de Información Catastral**
Concello de Baiona
Secretaría Xeral
Planta primeira
Horario: De 9:00 a 13:30 horas.